



CONCELLO de CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA · 15147 CORISTANCO (A Coruña) · Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 · www.concellocoristanco.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO DE 2017

NÚM. 04/2017

SRES/RAS ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Amancio Lavandeira Suárez

CONCELLEIROS

D^a Laura Mariño Taibo
D. Abrahán Gerpe Muñiz
D^a Laura Tasende Cancela
D. Andrés Manuel Díaz Abeledo
D^a M^a Dolores Taibo Lavandeira
D^a Verónica Facal Rodríguez
D. Antonio Pensado Plágaro
D^a María Ángeles Gema Eiroa Villar
D^a Clarisa Couto Castro
D. Luis Souto Gómez
D. Emilio Fondo Novo

NON ASISTE

D. Juan García Velo

INTERVENTORA

D^a. María Carmen Menéndez Ares

SECRETARIA

D^a. M^a del Carmen Seoane Bouzas

No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 20:00 horas do día vinte e nove de marzo de 2017, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Amancio Lavandeira Suárez , e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnense os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.

1.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 03.02.2017 (NÚM. 112) ATA O 27.02.2017 (NÚM. 190).

A secretaria pide a palabra para manifestar que existe un erro de transcripción no título da orde do día, xa que o número de resolución do 27.02.2017 é o 188 e non o 190.



CONCELLO de CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA · 15147 CORISTANCO (A Coruña) · Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 · www.concellocoristanco.es

Aos efectos previdos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 3 de febreiro (núm. 112) ata o 27 de febreiro de 2017 (núm. 188), que foron postas de manifesto á secretaria da corporación.

A Concelleira do BNG expresa que non se lles remite telemáticamente os decretos.

O voceiro do PP pide que conste en acta que teñen problemas para recoller a documentación necesaria que recoller a documentación que a lei lles ampara.

O Sr. Alcalde manifesta que a documentación estivo a disposición dos concelleiros dos distintos grupos do pleno, polo que puideron consultala.

O concelleira do BNG manifesta que quedaran en que as resolucións se fan remitir por correo electrónico.

O Sr. Alcalde di que se intentará.

B.- MOCIONES.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo PP realizan as seguintes preguntas:

1) A presentada o 28.03.2017 (NRE 1151): "...Situación da sobras do POS 2015 e POS 2016".

2) A presentada o 28.03.2017 (NRE 1150): "...Dende o grupo popular tense solicitado numerosa documentación e información sobre expedientes. Porque ou cal é o motivo para non facilitar esa documentación?, cando vostedes fan tanta "gala" de transparencia, algunha das solicitudes son do mes de xullo do ano 2016".

3) A presentada o 28.03.2017 (NRE 1149): "...Control da auga municipal" e a NRE 1153: "...empresa concesionaria dos contratos para arreglos dos camiños municipais. Situación en Agualada".

4) A presentada o 28.03.2017 (NRE 1152): "...Xestións realizadas ante a Consellería de Infraestructuras polos arranxos ofrecidos os veciños perjudicados pola vía rápida".

5) A presentada o 28.03.2017 (NRE 1148): "...Reparto e situación dos alimentos da Cruz Roja".

6) A presentada o 28.03.2017 (NRE 1147): "...Que medidas se están tomando para fixar a poboación no concello de Coristanco?".

Polo PSOE realiza a seguinte pregunta oral:



CONCELLO de CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA · 15147 CORISTANCO (A Coruña) · Tf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 · www.concellocoristanco.es

- Da lectura a un documento que di que lle chega dun veciño sen facilitalo ao expediente. Pregunta pola solicitude que fixo o Concello que se cita no escrito, xa que participou nalgúnha reunión co Alcalde e en ningún momento se falou diso.

O SR. Alcalde resposto ao PP que respecto ás obras do POS, a pesar de que as preguntas as asina Juan Velo despois non as defende no pleno e hai alteracións ao formulalas, xa que aclara que a pregunta é sobre as obras do 2015 e 2016 e preguntou polas do 2017. Continúa dicindo que se están a facer unhas obras que non son dese POS e cando remate o procedemento poderase valorar, pero o que está claro é que se rompeu a racha de que invitar a tres empresas e despois presentaban a documentación algunha. Respecto ao POS 2017 di que as facturas que se incluíron no pleno son as que se remitiron de contabilidade e se despois hai algunha pagada xa se verá. Respecto ao control da auga resposta que se están realizando os controis e tamén de sanidade; recorda que na reunión de voceiros que houbo se manifestou un proxecto de ordenanza de zurros na que deben ir aportándose por todos cuestións e espera poder sacar adiante esa ordenanza. Respecto á cuarta pregunta aclara, respecto ao PSOE tamén, que estivo presente nalgúnha reunión, na que se pretendía que os veciños aportaran propostas para a realización das pontes e se optou pola construcción da ponte da Furoca e no outro caso era en Lume de Suso e respecto ás alternativas que se dabán os veciños optaron por pedir que se realizara a ponte. Recorda que a consellería non cedeu para realizar a ponte no Outeiro, realizando un camiño de servizo, cuestión á que se chegou na xuntanza de Baio e despois considerouse que os veciños de Outeiro decidiran se expropiarlle unha parcela a un señor ou que o camiño finalizase nesa parcela, polo que ao non considerarse necesario por non mellorar o camiño a expropiación a Consellería decidiu non expropriar.

A continuación unha persoa do público interrompe e o Sr. Alcalde pídelle silencio e a continuación solicita á Policía Local que proceda a acompañalo afora, sendo as 20 horas e 35 minutos.

O concelleiro do PSOE pregunta se esa solicitude se pode ver.

O Sr. Alcalde dille que o que fixo o concello foi remitir as sinaturas dos veciños. Continúa dando resposta á pregunta do PP e respecto aos anexos á autovía di que hai alí un propietario que ten un terreo en zona de policía e construíu unha persoa nesa zona un muro, xusto no enlace do camiño de servizo e están en litixio e o que se pretendía era deixar uns tubos. En relación aos alimentos di que vai ceder a palabra á concelleira de servizos sociais, xa que comenta que había nocturnidade, xa que el non vai saír nas fotos coma o seu antecesor.

A Sra. Taibo aclara que antes o reparto non estaba regulado, sen entrar en mais profundidades, e se fixeron unhas normas que pode pasar a velas, polo que de 79 solicitudes 55 foron aprobadas e están 6 en estudo. Di que quizais os que repartiron con nocturnidade foron os que se repartiron por un traballador sen orde do equipo de goberno e aclara que os alimentos se destinan a xente necesitada e non son para gañar votos.

Intervén a Sra. Eiroa para dicir que iso o levaba unha traballadora, que ten a documentación.

Resposta a Sra. Taibo que o regularon e igual foron moi estritos e a ver se para o 2017 poden ampliar as condicións e pide que se aclare quen foi a persoa que repartiu pola noite.

O Sr. Alcalde di que respecto á poboación hai unha gráfica do INE da evolución da mesma e é no ano 1989 cando se chegou a 10.003 habitantes, que foi a máxima poboación, momento en que entrou na alcaldía o Sr. Pensado e despois a poboación empeza a baixar, áinda que hai un descenso xeneralizado en toda Galicia e en especial na Costa da Morte. Di que quizais sexa unha macabra coincidencia que



CONCELLO de CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA · 15147 CORISTANCO (A Coruña) · Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 · www.concellocoristanco.es

naquel momento non se fixara a poboación e o PP deixou o Concello cando había 6.500 habitantes. Expresa que habería que tomar unha serie de medidas en conxunto, xa que non é só cousa dun concello. Sobre os desperfectos nos camiños polas obras na autovía di que se fixo un informe dos danos e estase na realización da proposta.

O voceiro do PP pide a palabra para preguntar que se vai facer coas facturas que están pagas e se meteron no POS 2017 e o demais sobra. Aclara que sobre a pista de Cuns o Sr. Alcalde dixera que asinara varios convenios coa empresa para realizar iso e pídelle que repase as actas cando falaba de garantías. En relación á auga di que vai ter que convocar unha reunión e vai atopar ao seu grupo de fronte. Pregunta cantos controis de auga se fan e en que laboratorio. Di que no escrito a Xunta di "como antecedente hai que mencionar o escrito do Concello de Coristanco de que non se fixeran arranxos" Di que espera que se realicen os pasos e Augas de Galicia non prohíbe pero esixe unhas calidades que supoñen un custo, e sendo Coristanco o concello que mais terreos aportou o mínimo é que o deixen arranxado. Felicita á Sra. Taibo se é que o está facendo ben. Conclúe a súa intervención dicindo que non hai un triste proxecto no Concello e debe dar un xiro e os atrasos son responsabilidade do Alcalde, habendo empresas que tiveron que marchar a mais de 1.000 Km, non sendo dilixente.

O Sr. Alcalde dille que non quería estenderse moito na réplica, e pode suceder que dentro dese paquete houbese algunha factura que non estivese contabilizada, pero eran facturas maioritariamente da época do PP que deixou sen orzamento e sen poder pagar.

O Sr. Pensado replica que hai 8 facturas.

E o Sr. Alcalde dille que manifeste cales, que aforran tempo.

A continuación a Sra. Facal pide permiso para ausentarse, sendo as 21 horas e 10 minutos.

O Sr. Alcalde segue respostándolle ao PP que apoie a ordenanza e respecto aos camiños municipais aos que se refire lle fará entrega da relación, porque di que xestionou facer pontes e exclama que oxalá se poñan eses pontes. Di que o servizo de reparto de alimentos e o traballo da concellería é exemplar, non coma o que se atoparon ao chegar, e pola traballadora social se estableceron uns baremos e son os que se seguen. Pídelle que vaia comprobar a boa labor realizada nas escolas unitarias. Explica que no tramo de Vilar de Couso houbo que bachejar por emerxencia eses tramos para que se pudiera circular pero o resto da pista quedou con moitas deficiencias, que é o que están avaliando da Consellería e o que se lle pode esixir á empresa, que repare os camiños onde circularon eses camións. Conclúe sinalando que Policía Local fixo a súa labor de identificación.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 15 minutos do día 29 de marzo de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifíco.

Vº Bº
O Alcalde,

Amancio Lavandeira Suárez